

TI CONTAS

All of you are part of this



CEIP ALBORADA 23/24



ÁMBITO LINGÜÍSTICO

CLUB DE LETRAS - RADIO



1. IDENTIFICACIÓN	
TÍTULO DA TAREFA: "Cartas con corazón"	
ETAPA: Educación Primaria	NIVEIS: 3º e 4º
ÁMBITO / ÁREAS: Lingua Galega, Sociais, Matemáticas e Ed. Plástica e Visual	PROFESORADO: mestra encargada do ámbito no 2º ciclo
DESCRIPCIÓN DA TAREFA Realización do álbum "Cartas con corazón" que recolla todas as cartas escritas polos diferentes grupos, e que pasará a formar parte do fondo da biblioteca do cole. Lectura dunha carta seleccionada na sección de Radio Sito, a radio do Alborada, "Conversas con corazón".	
XUSTIFICACIÓN Traballamos a carta porque, ademais de ser unha tipoloxía textual que se atopa dentro dos contidos do Ciclo, vamos permitir mellorar a competencia lingüística dos nosos alumnos e alumnas así como crear un vínculo emocional entre eles ao ir todas elas dirixidas a un amigo do cole.	
CONTEXTO Realizarse dentro do contexto de aprendizaxe das linguas.	

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN/ INDICADORES	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
Actividade previa: formación de grupos heteroxéneos de 3 ou 4 persoas e asignación de roles.		
1. Lectura do conto "Cartas que veñen e van". Sabela e Mariña son dúas moi boas amigas que viven nunha aldea de Galicia. Cando Mariña cumpre 9 anos, a súa familia decide emigrar a Venezuela. Estiveron sempre en contacto a través das cartas que puntualmente se enviaban cada mes.	LG - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)	Rexistro de observación
2. A partir das cartas de Sabela e Mariña, identificar as partes deste tipo de textos: data, saúdo, corpo, despedida e sinatura.	LG - CA3.4. Analizar, de maneira acompañada, o contido e aspectos formais e non verbais elementais de textos escritos e multimodais, valorando o seu contido, estrutura e fiabilidade, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta. (OBX4)	Rúbrica

<p>3. Escribir unha carta a un amigo ou amiga.</p>	<p>LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (OBX5)</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>4. Posta en común das cartas escritas e selección da que máis nos gusta para a súa posterior lectura en Radio Sito.</p>	<p>LG - CA2.5. Participar en interaccións orais espontáneas ou reguladas, respectando as normas básicas da cortesía lingüística e iniciándose en estratexias de escoita activa. (OBX3)</p>	<p>Rexistro de observación</p>
<p>5. Elaborar o álbum "Cartas con corazón".</p>	<p>EPV - CA2.4. Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas. (OBX4)</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Actividade de reforzo: escribir unha carta a un amigo ou amiga con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.</p>	<p>LG - CA3.7. Elaborar textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes con diferentes intencións comunicativas, en distintos soportes, integrando recursos gráficos ou paratextuais para facilitar a comprensión da información relevante. (OBX5)</p>	<p>Rúbrica</p>
<p>Actividade de ampliación: Mariña chegou a Venezuela o 18 de Xullo de</p>	<p>M - CA2.6. Interpretar situacións en contextos diversos recoñecendo as</p>	<p>Rúbrica</p>

1966. Ao día seguinte escríbelle unha carta a súa amiga Sabela. Se o Begoña tarda dúas semanas en facer o viaxe de volta, que día chegará a carta a Galicia?	conexións entre as matemáticas e a vida cotiá. (OBX5)	
Actividade de ampliación: a partir dun vídeo sobre os océanos, responde ás seguintes preguntas: - Que océano ten que cruzar Mariña para ir desde Galicia a Venezuela? - Entre que continentes se atopa? - Que lugar ocupa en extensión? - Cal foi o primeiro barco en atravesalo?	CS - CA1.1. Utilizar dispositivos e recursos dixitais, de acordo coas necesidades do contexto educativo, de forma segura, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. (OBX1)	Rúbrica
CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA		
Comprensión oral, escrita e audiovisual - Expresión oral e escrita - Estrutura dunha carta: data, saúdo, corpo e despedida - Habilidades plásticas - Creatividade - Medida do tempo: o calendario - Océanos e continentes - Traballo en equipo - Toma de decisións - Respecto polas opinións diferentes		

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA

ACTIVIDADE	LUGAR DA ACTIVIDADE	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
Actividade previa: formación de equipos e asignación de roles.	Biblioteca	Inicialmente en gran grupo e despois en pequeno grupo (entre 3 e 4 membros)	Folios e útiles de escritura	30 minutos
1. Escoita activa do conto "Cartas que veñen e van".	Biblioteca	Gran grupo	Pantalla dixital e proxector, catro cartas físicas de Sabela e	30 minutos

			Mariña de diferentes momentos da súa traxectoria vital: infancia, xuventude, idade adulta e vellez	
2. Identificar as partes dunha carta a partir das cartas de Sabela e Mariña.	Biblioteca	Gran grupo	Pantalla dixital e proxector (presentación das cartas de Sabela e Mariña en Word)	30 minutos
3. Escribir unha carta a un amigo ou amiga.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Modelo dunha carta e materiais de escritura para facer o borrador da carta - Folla específica de escritura de cartas para pasala a limpo unha vez corrixida	30 minutos
4. Posta en común das cartas escritas e selección da que máis nos gusta para a súa posterior lectura en Radio Sito.	Biblioteca	Gran grupo	Cartas escritas polos diferentes grupos	30 minutos
5. Elaborar o álbum "Cartas con corazón".	Biblioteca	Pequeno grupo	Bloc de debuxo, sobres grandes de cores, rotuladores, tesoiras e pegamento	30 minutos
Actividade de reforzo:	Biblioteca	Pequeno grupo	- Modelo dunha carta e	Actividade a realizar

escribir unha carta a un amigo ou amiga con acompañamento e redución de complexidade cando sexa necesario.			materiais de escritura para facer o borrador da carta - Folla específica de escritura de cartas para pasala a limpo unha vez corrixida	polo alumnado con diversidade curricular.
Actividade de ampliación: resolución dun problema matemático.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Calendarios en diferentes formatos. - Pizarras Vileda e rotuladores borrables.	Actividades a realizar polos grupos que remataron as tarefas antes de tempo.
Actividade de ampliación: busca de información sobre o Océano Atlántico.	Biblioteca	Pequeno grupo	- Globo terráqueo - Ordenadores individuais - Aula Virtual (sección "Ámbito club de letras"): Vídeo educativo sobre os océanos. - Pizarras Vileda e rotuladores borrables.	

4. AVALIACIÓN		
ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
ALUMNADO (ensinanza- aprendizaxe)	- REXISTRO DE OBSERVACIÓN DIRECTA - ESCALA DE VALORACIÓN (Rúbrica)	Como? mediante a observación directa e sistemática. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.
PRÁCTICA DOCENTE	- FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	Como? cumprimentando a ficha. Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen. Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.

DESEÑO DA TAREFA	- FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN (Lista de cotexo)	<p>Como? cumprimentando a ficha.</p> <p>Quen? a mestra coordinadora de ámbito e as demais mestras que interveñen.</p> <p>Cando? ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora responsable do ámbito do Club de letras - Radio do 2º Ciclo. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos.</p>
------------------	---	--

RÚBRICA						
Traballo en equipo – Organización – Adquisición das aprendizaxes						
ITEMS	4	3	2	1	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
TRABALLO EN EQUIPO	A. ACEPTA E VALORA AS APORTACIÓNS DO GRUPO	Acepta e valora as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas e procura incluílas no traballo.	Procura aceptar as aportacións do grupo aínda que sexan diferentes ás súas.	Cústalle aceptar as aportacións do grupo pero móstrase aberto á reflexión con axuda dun adulto.	Cústalle aceptar aportacións diferentes ás súas e non mostra interese por facelo.	LG - CA3.4.
	B. PARTICIPA NAS DINÁMICAS DE TRABALLO EN EQUIPO	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, durante toda a actividade e con actitude proactiva.	Mostra interese por participar activamente e con concentración no traballo co grupo, de forma habitual e durante a maior parte da actividade.	Mostra interese por participar activamente no traballo co grupo, pero só en determinados momentos do proceso.	Non mostra interese por participar no traballo co grupo, agás nalgunha actividade do seu agrado.	LG - CA3.4. EPV - CA2.4. M - CA2.6. CS - CA1.1.
	C. PIDE, ACEPTA E OFRECE AXUDA AO GRUPO	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso de xeito respectuoso e non invasivo.	Pide ou ofrece axuda de forma natural cando é preciso.	Pide ou ofrece axuda de forma forzada cando resulta moi necesario, pero non lle resulta agradable facelo.	Non pide axuda cando a precisa nin a ofrece.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4. M - CA2.6. CS - CA1.1.
	D. RESPECTA AS QUENDAS DE PALABRA E AS NORMAS DE COMPORTAMENTO	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra, e axuda a que o resto tamén o faga.	Respecta habitualmente as normas de comportamento e as quendas de palabra.	Respecta habitualmente as normas de comportamento, pero cústalle manter as quendas de palabra.	Non respecta habitualmente as normas de comportamento e intervéñ nas quendas doutras persoas.	LG - CA2.5. LG - CA3.4.



ORGANIZACIÓN	E. ORGANÍZASE PARA TRABALLAR EN EQUIPO, CUMPRE OS ACORDOS E AS NORMAS DE TRABALLO	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan, buscando solucións aos imprevistos e respectando os acordos do equipo.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións, tendo en conta os recursos que se necesitan e, coa axuda do adulto, busca solución aos imprevistos.	Realiza, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións.	Cústalle seguir o paso das actividades e cumprir os acordos do equipo.	LG - CA3.7. EPV - CA2.4. M - CA2.6. CS - CA1.1.
COMPRESIÓN, EXPRESIÓN E ADQUISICIÓN DAS APRENDIZAXES	F. É QUEN DE COMPRENDER E ADQUIRIR AS APRENDIZAXES PLANIFICADAS	É quen de comprender os contidos traballados, de adquirilos e de inferir ideas e consecuencias a partir deles.	É quen de comprender a maior parte dos contidos traballados e de adquirilos.	É quen de comprender parte dos contidos traballados, pero non de adquirilos.	Non é quen de comprender os contidos traballados nin de adquirilos.	LG - CA3.4.
	G. É QUEN DE COMPRENDER UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de comprender unha carta escrita e oral sen apoio, identificar a información precisa e sintetizala de xeito coherente.	É quen de comprender a maior parte dunha carta escrita e oral sen apoio e identificar a información precisa.	É quen de comprender unha carta escrita con apoio docente e unha oral sen apoio.	Non é quen de comprender unha carta escrita e mostra dificultade cunha oral.	LG - CA2.5. CS - CA1.1.
	H. É QUEN DE PRODUCIR UN TEXTO ESCRITO OU ORAL	É quen de producir unha carta escrita e oral coherentes, axeitadas comunicativamente e planificadas.	É quen de producir unha carta escrita e oral, case sen apoio, coherentes e axeitadas comunicativamente.	É quen de producir unha carta escrita con apoio docente e unha oral sen apoio.	Non é quen de producir unha carta escrita e mostra dificultade cunha oral.	LG - CA3.7.

PRÁCTICA DOCENTE – ficha de recollida da información

	SI	NON
Tívoise como principio base a atención á diversidade (intereses, ritmos de traballo, habilidades...).		
Conseguíuse a creación dun bo clima de traballo na aula.		
Utilizáronse metodoloxías activas e participativas: estruturas cooperativas e dinámicas.		
Traballáronse valores como o esforzo, o respecto e a tolerancia.		
A temporalización das actividades foi deseñada coa flexibilidade axeitada.		
Tívoise en conta a aparición de imprevistos na planificación e temporalización das actividades.		
Respondeuse ben aos imprevistos xurdidos no día a día.		
Realizouse unha anticipación das tarefas a realizar a todo alumnado, en especial, ao alumnado con NEAE.		
As actividades propostas resultaron atractivas e motivadoras para o alumnado.		
O proceso de aprendizaxe resultou significativo para todas as persoas implicadas na tarefa.		
O produto final da tarefa resultou significativo para o alumnado e a comunidade educativa.		
Elaboráronse alternativas de traballo para o alumnado por se fora preciso.		

DESEÑO DA TAREFA – ficha de recollida da información

	SI	NON
A tarefa está adaptada ás características do contexto real da aula.		
A tarefa respecta a atención á diversidade.		
Os obxectivos foron axeitados para ser acadados con éxito.		
Os obxectivos propostos foron acadados.		
A avaliación integrouse como un elemento máis da aprendizaxe e non como un elemento paralelo á mesma.		
Os instrumentos de avaliación resultaron prácticos e eficaces.		
Os recursos utilizados foron axeitados á tarefa planificada.		
A temporalización prevista axustouse á realidade.		
Foi necesario engadir algún elemento non previsto.		
Recolléronse propostas de mellora de forma práctica e eficaz.		
A linguaxe empregada no deseño e planificación da tarefa foi a adecuada.		
A tarefa deseñada e planificada está axustada á normativa vixente e ao Proxecto Educativo do centro.		

